



GUÍA DE LECTURAS
VERÁN
CURSO 2013-14

*Só a paixón discreta, serea,
respectuosa e sincera pode crear
adictos á causa lectora.*



**BIBLIOTECAS ESCOLARES E
MUNICIPAIS DE REDONDELA**



BIBLIOTECA
IES MENDIÑO

Algo de música

CD *Son Titiriteiro*



Non podemos deixar de recomendarvos este fermoso CD, idea da Asociación Xente Titiriteira, no que participaron 19 grupos de músicos de Redondela de diferentes estilos.

Para pais e nais

Educar niños



Desta volta queremos propoñervos este libro de pedagogía que, se cadra, nos pode axudar a todos e a todas neste difícil camiño que é a educación. Nel establécense estratexias para as tres etapas básicas na vida dos nenos.

Ollos de auga



Novela policial salferida dun humor retranqueiro e con grandes doses de suspense. Conta a investigación dun asesinato acontecido na illa de Toralla. Lugares coñecidos para todos nós, personaxes orixinais, ambiente urbano, misterio...

El jardín olvidado

Este libro ten moitos “ingredientes” para gustar. Unha nena desaparecida no século XX... un terrible segredo sae á luz... unha misteriosa herdanza... Suspense, odio, avaricia... A que apetece poñerse xa a ler?



Para o primeiro ciclo

Xiqui Xoque, fiu, fiú!



Uxía Senlle capitanea de novo o equipo María Fumaça para lanzar *Xiqui Xoque, fiu, fiú!*. O novo libro-CD-DVD publicado por Galaxia conta con colaboracións como a

de Sérgio Tannus, Isaac Palacín, Santi Cribeiro, Héctor Lorenzo, Serginho Sales, Magín Blanco, Carlos Blanco ou Tanxarina e, como non, Roi, que achega a súa particular voz ao proxecto. O DVD inclúe os vídeos dos temas con karaoke e algúns deles con pictograms incluídos para poder chegar a todos os públicos.

Sete caveiras.

Elena Gallego.

Ed. Xerais.



Trepidante e por momentos divertida, *Sete Caveiras* fia unha serie de asasinatos en escenarios reais con sinalados acontecementos dos anos oitenta.

Para o segundo ciclo



El nombre del viento.


Patrick Rothfuss.

Ed. Debolsillo.

Seguindo a recomendación dunhas alumnas nosas, moi boas lectoras, queremos propoñer vos este primeiro libro dunha triloxía.

Unha increíble historia que mergulla ao lector nun mundo fantástico, perfectamnte ambientado.

E, se vos gusta, podedes ler os dous outros libros da triloxía.



O sol do verán.

Carlos Casares.

Ed. Galaxia.

Unha historia de amor e morte, un canto melancólico á beleza, á xuventude e á plenitude da vida e da memoria.

O suicidio de Carlos desata as lembranzas de Helena, que evoca os veráns compartidos da nenez, á vez que indaga nos motivos desa acción brutal e sorprendente.

Para Bacharelato



A memoria da choiva.

Pedro Feijoo.

Ed. Xerais.

Para nós, que xa coñecemos o autor e a súa obra. énos moi grato recomendar esta nova novela de P. Feijoo na que nos narra

unha nova aventura, desta volta chea de versos, de sangue, de amor e de odio, pero mantendo intacta a súa máxima por bandeira: ante todo, o entretemento e o pracer de lectores e lectoras.

Memento mori.

César Pérez Gellido.

Ed. Suma.

Setembro de 2012. Aquela mañá de domingo nada lle facía presaxiar ao inspector de homicidios Ramiro Sancho dun pesadelo que o marcaría para o resto da súa vida.



A investigación do asasinato dunha moza ecuatoriana á que lle mutilaron as pálpebras e lle deixaron no seu orpo uns versos ameazantes.